

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, 16 de xullo de dous mil vinte catro.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Mos, ás 9:00 horas, constitúese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, de contrato administrativo de subministro de miniescavadora para o departamento de vías e obras do Concello de Mos, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia María Arévalo Gómez como Presidenta, D. Leo Costas Alonso, Concelleiro delegado de contratación, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, e asegurándose a súa intervención por medios electrónicos Dna. M^a Jesús Piñeiro Bello, Interventora, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

PRIMEIRO.- A Mesa de contratación procede á apertura do arquivo electrónico I, en concreto que as declaracións responsables (DEUC) son correctas e que conteñen tódalas manifestacións esixidas ás persoas licitadoras que concorreron, en forma e prazo, á licitación convocada:

HUNE RENTAL SLU B84736354	09-07-2024 14:13
IBERGRUAS, S.A. A28945608	10-07-2024 11:19
TALLERES TURQUINO, S.L. B70416136	10-07-2024
18:28	

A Mesa comproba a presentación correcta e asinada correctamente do DEUC por todas as empresas licitadoras concorrentes e, en consecuencia, acorda admitir á licitación as seguintes proposicións:

HUNE RENTAL SLU B84736354
IBERGRUAS, S.A. A28945608
TALLERES TURQUINO, S.L. B70416136

SEGUNDO.- A Mesa de contratación, sendo as 9.15 horas, procede á lectura da oferta económica presentada polas persoas licitadoras que concorreron tamén incluídos no arquivo único co seguinte resultado:

1) HUNE RENTAL SLU:

Máquina ofertada: TAKEUCHI (marca), TB225 (modelo).

A) Prezo sen IVE. Cuarenta e nove mil seiscientos noventa e tres con sesenta cts (49.693,60 €).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE 21%) Diez mil catrocentos trinta e cinco con sesenta e seis céntimos (10.435,66 €).

C) TOTAL (A+B) Sesenta mil cento vinte e nove euros e vinte seis céntimos (60.129,26 €).

Oferta adicionalmente as seguintes condicións:

Oferto asistencia en Vilafria-Atios Porriño (dirección do taller) a unha distancia de 10 kms da nave de obras do Concello de Mos.



Oferto compromiso de atención inmediata nas reparacións, cun tempo de resposta inferior a 24

horas, en días laborables. SI.

Oferto un prazo de entrega da máquina de 0 días.

2) IBERGRUAS, S.A.:

Máquina ofertada: JCB (marca) 35Z1 PRO (modelo).

A) Prezo sen IVE: 49.900,00 €

B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE 21 %) 10.479,00 €

C) TOTAL (A+B), 60.379,00 €

Oferta adicionalmente as seguintes condicións:

Oferto asistencia en Avda. de Sanguñeda, 41, 36418 Mos a unha distancia de 5,9 kms da nave de obras do Concello de Mos.

Oferto compromiso de atención inmediata nas reparacións, cun tempo de resposta inferior a 24 horas, en días laborables. SI

Oferto un prazo de entrega da máquina de 30 días.

3) TALLERES TURQUINO, S.L.:

Máquina ofertada: Bobcat (marca), E34 (modelo)

A) Prezo sen IVE: Cuarenta y nueve mil ochocientos euros (en letra), 49.800 euros (en número).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE 21%) Diez mil cuatrocientos cincuenta y ocho euros (en letra), 10.458 euros (en número).

C) TOTAL (A+B) Sesenta mil doscientos cincuenta y ocho euros (en letra), 60.258 euros (en número).

Oferta adicionalmente as seguintes condicións:

Oferto asistencia en Rúa C, parcela 160 – Polígono Industrial A Granxa 36475 O Porriño (Pontevedra) a unha distancia de 14,1 kms da nave de obras do Concello de Mos.

Oferto compromiso de atención inmediata nas reparacións, cun tempo de resposta inferior a 24 horas, en días laborables. SI

Oferto un prazo de entrega da máquina de 1 día.

TERCEIRO.- A Mesa de contratación remite as ofertas presentadas a valoración técnica.

A Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 9.35 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

